

A N O S A T E R R A

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION Rúa Real, 36 - 1.º A CRUÑA	PRECIOS DE SUSCRICION Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano 6 pesetas. América, un ano 8 pesetas. PAGOS ADIANTADOS	
ANO X ★	25 de Xulio de 1926	★ Núm. 227

A O D E C O R R E L - O S D I A S

O actual monótono andar dos días, sempre iguás, tráenos hoxe unha data que é para nós d'unha fonda significación simbólica. Día de Galicia data que ao lembrar o seu significado fai rebulir no noso maxín ideas xenerosas, de futura cristalización e no corazón ledicias rebuldeiras de día de festa. De día de festa sí, por que é no íntimo, entre nós e dentro de nós, onde temos de festexar o día noso, lonxe da profana ollada dos incrédulos, «dos imbéciles e oscuros» que condena o bardo e tamén d'aqués que agora andan a se manifestar con arrogancias autoritarias. Sós co noso pensamento en comunión c'oa Idea. E aínda que para os que do galeguismo íntegral temos feito un culto, todol-os días do ano son días de Galicia non por eso deixamos de nos aledar cando chega o de hoxe que resume todos n'unha data xurdia, simbólica. A nosa relixión ten tamén o seu santoral como ten os seus mártires e as suas oraciós.

E hoxe que é o noso día, o día de festa maior, temos de entonar con fonda devoción e fé, cinguidos pol-a forza do sentimento, unha pregaria ao pé do sagro altar da Patria. pensando no que foi e no que aínda será cando a semente do noso apostolado prenda de veras nos corazóns galegos.

A todol-os irmáns ¡Saúde e Terra!